



BASES DA PROMOCIÓN "CERTAME DE RELATOS BREVES FEIRACO. LETRAS GALEGAS 2023"

1. ORGANIZADOR E OBXECTO DA PROMOCIÓN
FEIRACO LÁCTEOS SL (en adiante FEIRACO), domiciliada en Ames (A Coruña), no lugar de Arufe, Agrón s/n, e con número de identificación fiscal B-15996929, co fin de promover o coñecemento, o uso e a divulgación do idioma galego, realizará, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, unha promoción de ámbito autonómico nos centros educativos de primaria e secundaria que desexen participar.

2. ÁMBITO TERRITORIAL E PERSOAL

O ámbito territorial da promoción comprende a Comunidade Autónoma de Galicia. Poderán participar na promoción todos aqueles alumnos e alumnas de 5º e 6º de primaria e de 1º e 2º de ESO a través dos centros educativos de Galicia nos que estean matriculados. O profesorado de cada centro será o encargado de presentar as candidaturas do seu alumnado e deberá cumprir os seguintes requisitos: facer constar de forma expresa a súa vontade de participar na devandita promoción con suxeición ás condicións que se indicarán seguidamente na epígrafe 6 "participación e mecánica da promoción".

3. DURACIÓN

O concurso desenvolverase do martes 25 de abril ao martes 16 de maio de 2023, ambos os dous inclusive, período no que permanecerá aberta a recepción dos textos. Cada colexio, entre todos os microrrelatos que reciba do seu alumnado, deberá seleccionar dous, un por cada nivel, e remitilos a través da web

falarei.gal/certame

Os dous textos finalistas deben ser subidos en formato PDF, en arquivos independentes, no formulario habilitado para o efecto na devandita web, e completaranse ademais cos datos do centro (nome completo do colexio, localidade, número total de alumnos/as do colexio que escribiron un relato e nome, teléfono móbil e cargo dunha persoa de contacto) e cos datos do alumnado finalista (nivel no que concursa, nome completo do/da alumno/a, nº de DNI e curso escolar).

Por causa de forza maior, causa extraordinaria xustificada e razoable ou por imperativos legais, FEIRACO poderá decidir, en calquera momento, a interrupción e/ou finalización anticipada desta promoción, sen que as persoas participantes poidan efectuar ningunha reclamación.

4. CARÁCTER GRATUÍTO DA PROMOCIÓN

A promoción é gratuíta e non implica en si mesma ningún pagamento adicional pola obtención dos premios. Os custos das chamadas, mensaxes telefónicas, correo electrónico, fax ou calquera outra comunicación que deban realizar os centros e/ou as persoas participantes que se detallan no apartado de mecánica da promoción serán pola súa conta.

5. PREMIO DA PROMOCIÓN

Na presente convocatoria establecemos dúas categorías de participación: nivel 1 (para alumnado de 5º e 6º de primaria) e nivel 2 (para





estudantes de 1º e 2º de ESO). As mil primeiras persoas que escriban un relato, con independencia de ser escollidas ou non polo seu centro como finalistas, recibirán de balde un estoxo de FEIRACO.

En ambos os niveis, os colexios seleccionarán e remitirán un texto, que pasará directamente á final de relatos FEIRACO. Estes, todos e todas os finalistas de cada centro, con independencia da decisión final do xurado, recibirán un caderno de FEIRACO.

De entre os finalistas, un xurado elixirá o relato gañador de cada nivel, que recibirá o seguinte premio: unha excursión a unha das nosas granxas para toda a clase do/da gañador/a, transporte incluído, onde os estudantes poderán vivir a experiencia de ser gandeiros por un día. Para a excursión, que deberá realizarse no presente curso escolar 2022-2023, é preciso que a clase gañadora veña acompañada do seu profesorado e/ou persoal responsable do grupo, cun mínimo de dúas persoas por cada 25 alumnos/as (Achégase o contido das visitas á granxa no ANEXO 1).

Alén diso, o autor ou autora da historia gañadora recibirá ademais unha mochila de FEIRACO.

6. FORMA DE PARTICIPACIÓN E MECÁNICA DA PROMOCIÓN

Optarán aos premios do presente certame todos aqueles centros educativos e alumnos/as que escriban e remitan un relato breve dunha cara DIN A4 como máximo, orixinal do autor ou

autora, escrito en galego. A temática é aberta, co único condicionante de que a historia aconteza na Galicia do futuro.

FEIRACO poderá instar a exclusión da promoción todos aqueles relatos breves inapropiados, inadecuados que incumplan o establecido nas presentes bases, que puidesen atender contra a dignidade das persoas ou que vulneren os valores e dereitos recoñecidos na Constitución. Así mesmo, quedarán excluídos da promoción todos os relatos que non cumpran algún dos requisitos recollidos nas presentes bases: extensión máxima, estar escritos en lingua galega, ser un relato orixinal do autor ou autora participante e adaptados á nomeada temática do concurso. FEIRACO reserva para si o dereito de efectuar cambios na promoción durante o seu desenvolvemento, se se producise algunha causa que impida levala a bo termo ou co fin de mellorar o seu avance. Se isto se producise, publicará as ditas modificacións a través das mesmas canles de comunicación e todas as persoas participantes se someten expresamente a elas.

7. ENTREGA DO PREMIO

Un xurado de FEIRACO Lácteos será o encargado de seleccionar os relatos gañadores. Haberá un gañador por cada nivel. O xurado valorará os textos presentados de acordo a tres criterios. Cada un destes criterios recibirá unha puntuación por separado de 1 a 10 puntos, dos cales 10 será o máximo de puntuación obtida en cada caso. A puntuación final de cada relato realizarase a partir da suma das valoracións do





xurado aplicando a seguinte proporcionalidade:

- A orixinalidade e creatividade da historia (1-10 puntos), equivale ao 50 % da nota final.
- O coidado da redacción (1-10 puntos), equivale ao 25 % da nota final.
- O uso correcto da lingua galega, de acordo coas normas morfolóxicas e ortográficas vixentes, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, (1-10 puntos), equivale ao 25 % da nota final. A decisión do xurado será inapelábel.

O 31 de maio de 2023, vía telefónica ou por correo electrónico, contactarase cos colexios gañadores do concurso para a aceptación do premio. Posteriormente daranse a coñecer os relatos gañadores na páxina web de FEIRACO e nas súas redes sociais.

Os premios enviaranse directamente aos colexios, a través das persoas de contacto, e serán estes os encargados de repartilos entre o alumnado gañador. En ningún caso poderá substituírse o premio polo seu valor económico nin poderá cederse a outra persoa distinta da gañadora.

Ademais, FEIRACO reserva para si tamén o dereito a que o premio quede deserto, no caso de que nin as persoas participantes nin ningunha das suplentes cumpran os requisitos citados nestas bases. Terán a condición de suplente os participantes clasificados co número inmediatamente posterior a algún agraciado por orde de puntuación.

8. CONDICIÓN E RESERVAS

A comunicación dos datos dos colexios participantes é requisito obrigatorio para que os gañadores poidan recibir o premio obtido como participantes lexitimamente admitidos ao concurso. De resultar agraciada algunha clase que non cumpra estes requisitos, a súa participación resultará automaticamente excluída e o premio outorgaráselle ao/a inmediato/a suplente.

FEIRACO descartará aquelas participacións que sexan abusivas ou fraudulentas e non se fai responsable da veracidade dos datos facilitados polos participantes. Este concurso organízase coa pretensión de incentivar e fomentar a participación de todo o alumnado e premialo en condicións de igualdade e con estrito respecto ao principio xeral da boa fe. Por ese motivo, FEIRACO excluírá automática e inmediatamente del calquera participante que transgrida as normas da boa fe, observe unha conduta mendaz ou inadecuada, empregue medios fraudulentos ou incumpra estas bases en calquera dos seus extremos, en caso de que as irregularidades, ou calquera outras, se detecten con posterioridade á entrega efectiva dalgún dos premios, FEIRACO reserva para si o dereito a exercer as accións legais pertinentes contra o seu autor ou responsable, entre outras, as tendentes á devolución dos premios.

Durante as datas de desenvolvemento do certame e ata a finalización deste, incluíndo a data da excursión para os gañadores, FEIRACO reserva para si o dereito a reclamar aos centros educativos participantes o envío todos os





relatos escritos polo seu alumnado, seleccionados e/ou non seleccionados, para comprobar o dato efectivo de participación comunicado polos colexios no formulario habilitado na web falarei.gal. FEIRACO poderá unilateralmente excluír do concurso os centros que non cumpran este requisito.

Os premios da promoción non se poderán substituír por outros a petición do gañador, nin poderán ser cambiados polo seu valor en metálico. FEIRACO reserva para si, en calquera caso, o dereito a mudar os elementos da promoción por outros de igual ou superior valor cando concorran xusta causa ou de forza maior e, ademais, tamén reserva para si o dereito a anular, suspender ou modificar a promoción se por causas técnicas ou de calquera outra índole allea á vontade desta, esta non puidese cumprir co normal desenvolvemento da promoción, segundo o estipulado nas presentes bases. Para o non previsto nestas bases, que se interpretarán en conxunto, rexerá a normativa legal disposta que sexa de aplicación. Os baleiros ou dúbidas integraranse conforme a boa fe, os usos comerciais e técnicos que resulten axeitados, e os principios xerais do Dereito.

9. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Os datos de carácter persoal que faciliten os participantes neste concurso serán tratados con esmero cumprimento do establecido na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o

Regulamento de desenvolvemento dela así como co Regulamento xeral europeo de protección de datos.

As persoas participantes coñecen e consenten inequívocamente que os seus datos persoais sexan tratados por FEIRACO LÁCTEOS, con domicilio no lugar de Arufe, s/n, Ponte Maceira-Agrón, s/n; e con número de identificación fiscal B-15996929, quen os usará e tratará sen que xere ningún tipo de remuneración, conforme o previsto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, coa finalidade de realizar cantas xestións sexan necesarias para o desenvolvemento do concurso.

Non obstante, este dereito poderá ser revogado no momento en que o participante estime oportuno. FEIRACO LÁCTEOS garante os seus dereitos de acceso, cancelación, oposición e rectificación, limitación do tratamento e portabilidade. Para exercer estes, o participante terá que dirixirse a Lugar de Arufe, Agrón, s/n, Ames (A Coruña), identificándose de forma fidedigna, para verificar a súa identidade e non poñer en risco a súa privacidade e confidencialidade; ou ben a comite.privacidad@clun.es. En calquera caso, o tratamento da información facilitada como participante restrínxese á finalidade de participar neste concurso, suxeito as presentes bases.

Os datos serán tratados durante a realización do concurso e, unha vez finalizado este, serán gardados para a eventual tramitación de





reclamacións ou queixas, relacionadas co seu desenvolvemento ou, en último termo, ata que a persoa participante exerza o seu dereito de cancelación en consonancia coa facultación para acceder aos datos persoais, rectificar os datos inexactos ou solicitar a súa supresión cando estes xa non sexan necesarios. Os datos no se lle cederán a terceiras persoas salvo nos casos en que exista unha obriga legal. En todo caso, existe o dereito a obter confirmación sobre se estamos tratando os seus datos persoais; polo tanto, mantense inalterable este dereito de acceso, cancelación, rectificación ou oposición.

10. PROPIEDAD INDUSTRIAL E INTELLECTUAL

A persoa participante declara e garante ser a autora, a titular ou dispoñer ao seu favor dos dereitos de propiedade industrial e intelectual sobre o relato que comparte no concurso. A persoa participante, ou quen a represente legalmente nos casos en que proceda, autoriza a FEIRACO á publicación do relato en todas as súas redes sociais e canles corporativas de FEIRACO ou por calquera outro medio que decida FEIRACO Lácteos sen que poida opoñerse en ningún termo nin poida reclamar beneficio de calquera tipo por tal feito.

No caso de que FEIRACO decida imprimir pola súa conta, ou en colaboración con calquera organismo ou editorial, unha obra recompilatoria de todos ou algúns dos microrrelatos, o autor ou autora rexeita e cédelle a FEIRACO calquera tipo de dereito ou beneficio sobre tal obra. Neste caso, FEIRACO simplemente nomeará cada un dos autores ou

autoras que inclúe nesta. FEIRACO non se responsabiliza do contido, veracidade da autoría do relato enviado nin dos comentarios aparecidos nel realizados polas persoas autoras ou usuarias.

11. ACEPTACIÓN DAS BASES

A remisión da solicitude de participación na promoción implica a aceptación da totalidade das presentes bases por parte dos centros educativos e das persoas interesadas.

12. LITIXIOS

A lexislación aplicable ás presentes bases é a española. Os participantes, con renuncia expresa de calquera outro foro que puidese corresponderlles, sométense á xurisdición dos xulgados e tribunais de Santiago de Compostela. Para os efectos de calquera notificación ou requirimento que resulte necesario efectuar por calquera causa relacionada ou derivada deste certame, entenderase designado como domicilio destes os que aparezan reflectidos na comunicación da participación nesta promoción.

